

Carlos Lorenzo Pérez (Caracas, 1968)

<http://carloslorenzo.gal>

Xestor cultural, fotógrafo e creador audiovisual. Presidente da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.

É titulado pola Escola de Imaxe e Son da Coruña en Produción de Audiovisuais e Espectáculos, con posgraos de Experto universitario en animación sociocultural pola UNED e de Experto universitario en planificación e desenvolvemento local pola Universidade da Coruña

Ademais ten formación como locutor de radio, en medios de comunicación, en deseño gráfico, en xestión cultural, en interpretación do patrimonio e museografía, na conservación documental, en xestión deportiva no ámbito público, en turismo, en xestión empresarial e na xestión de entidades non lucrativas.

Desde 1991 a 1994 traballou en Radio Culleredo, dirixindo e presentando programas culturais e musicais, sendo responsable ademais da área técnica da emisora, da programación musical e da formación de colaboradores.

Desde 1995 é técnico de Cultura do Concello de Carral, deseñando e desenvolvendo programas culturais (artes escénicas, visuais, patrimonio, etnografía, historia local, literatura, audiovisual...), salientando, entre outros, o *Premio de Poesía Concello de Carral* ou o proxecto de recuperación da historia fotográfica *Fotos para as mil historias de Carral*. É o director da Colección Museográfica do Castro das Travesas. No Concello de Carral é onde comeza a súa relación co ámbito teatral como profesional responsable das programacións de artes escénicas. Nesta faceta ten aberta unha liña de traballo para incidir na avaliación das programacións teatrais, analizando os impactos na creación e fidelización de públicos.

Foi socio fundador e xerente de INICIA Consultoría e Xestión entre 2005 e 2013, dirixindo proxectos culturais, deportivos, audiovisuais, turísticos e para o terceiro sector, especializándose neste período no eido da xestión de subvencións.

No ámbito da fotografía formouse na Escola Municipal de Carral. As súas fotos téñense utilizado en múltiples soportes publicitarios e para ilustrar páxinas web, libros, revistas e artigos. Ademais de participar en exposicións colectivas, no ano 2009 percorreu diversas localidades galegas coa súa exposición *Asómate!*, que formou parte da programación do Outono Fotográfico. Dous anos máis tarde realiza, xunto ao poeta e pintor Baldo Ramos, a carpeta artística *A Ramallosa. Caligrafías de luz*, que ceden á Fundación Curros Enríquez de Celanova, patria dos dous artistas. Daquela colección naceu o libro co mesmo título.

Ademais da exposición *Asómate!*, nos anos 2017, 2018 e 2019 percorreu 15 salas coa exposición *Territorio Acoutado* producida xunto á poeta Olga Patiño. No 2021 e 2022 coa exposición *No interior do abandono*, producida con Baldo Ramos, percorreu salas de Celanova, Mondoñedo e do Museo do Pobo Galego.

Xuntando a súa faceta de xestor cultural coa de fotógrafo, desenvolve o proxecto *Fotos para as mil historias de Carral*, que ten producido un arquivo histórico-fotográfico, múltiples exposicións e o libro da súa autoría que leva o mesmo título que o proxecto.

Así, libros da súa autoría son:

- *Carral, un concello no bo camiño*. Edicións Espiral Maior, 2008.
- *A Ramallosa. Caligrafías de luz* (autoría compartida con Baldo Ramos. Xosé Luís Méndez Ferrín e Aser Álvarez). Asociación Arraianos. 2011
- *Territorio Acoutado* (autoría compartida con Olga Patiño). Edicións Espiral Maior. 2017.
- *Celanova ten unha foto*. Deputación de Ourense. 2017
- *No interior do abandono*. Figurandorecuerdosedicions. 2020
- *Deseñando horizontes. Situación actual, orixe e planificación do futuro do teatro galego* (editor xunto a Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, Francisco Oti Ríos e Dolores Vilavedra). Consello da Cultura Galega. 2022.
- *Constelación de voces. 25 anos do Premio de Poesía Concello de Carral* (editor xunto a Teresa Seara). Edicións Espiral Maior. 2022.

No eido audiovisual ten traballado como guionista e axudante de produción nas curtametraxes de animación stop motion *Unha viaxe rodada*, *Acceso libre* e *Mellor viaxar* (Ignacio Benedeti. 2006). Proxectos de seu como produtor, guionista e director son a longametraxe documental *Vértice de versos*, estreada no 2018, e a curtametraxe documental *Cardoña, fotos a 7 pesetas*, con estrea prevista para febreiro de 2023.

De 2015 a 2022 foi secretario da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, sendo na actualidade o seu presidente. Desde a asociación colabora con Escena Galega e a Xunta de Galicia para a mellora das programacións galegas de artes escénicas.

É membro da Academia Galega do Teatro desde 2020.

Oleiros, decembro 2022